

A NOVA NARRATIVA GALEGA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS

Incluimos dentro da **Nova Narrativa Galega** un conxunto de autores novos, de formación universitaria que, entre 1954 e 1970, levan a cabo un tipo de narración renovadora e mesmo experimental, incorporando ás nosas letras modelos e procedementos técnicos da literatura universal, como a técnica do monólogo interior (Joyce), o clima de irrealidade (Kafka), a desorde cronolóxica (Joyce e Faulkner), o obxectalismo (Marguerite Duras e Claude Simon) ou a narración obxectiva (John Dos Passos). **Compartían actividades e canles de expresión con outros narradores e poetas dos 50**: publicaron a colección “Illa Nova “ de Galaxia, participaron nas Festas Minervais, colaboraron no xornal “La Noche”...

A. CRONOLOXÍA

Hai unanimidade á hora de considerar o inicio deste movemento a publicación en 1954 da obra de **Gonzalo Mourullo**, *Nasce un árbore*. A data de peche xa é máis discutida; hai quen o dá por finalizado en 1960 con *Cambio en tres*, de **Carlos Casares**, mentres outros prefiren alongar este período ata 1980, cando **Camilo Gonsar** publica *Cara a Times Square*.

Dentro deste período, Manuel Forcadela establece tres etapas:

.etapa de formación (1954-1964): predomina a temática existencialista e o influxo de Kafka. Xa se manifesta o experimentalismo nas técnicas pero os temas son moi variados.

.etapa de auge (1964-1968): a experimentación técnica e formal acadou o máximo protagonismo. Destaca o predominio do obxectalismo.

.etapa de liquidación (a partir de 1968): van abandonando a experimentación formal á vez que o existencialismo vai sendo substituído por temas simbólicos ou de alegoría política.

B. Características

1. Na temática:

o Tratamento de aspectos políticos e sociais en clave simbólica: a emigración ou o despoboamento rural son tratados de forma subxectiva.

o Os personaxes son seres sen biografía, sen nome (ás veces sinalados por unha inicial), alienados e violentos.

o Creación de mundos absurdos e angustiosos (soños e pesadelos, loucura)

o Os temas edípicos, o regreso á infancia e a morte como “leimotiv”.

2. Nas técnicas:

o O monólogo interior (discurso non pronunciado que discorre no pensamento do personaxe de forma caótica)

o Reixetamento da cronoloxía lineal (analepses, prolepses, contrapuntos...)

o No punto de vista, rexeitamento da omnisciencia e preferencia do eu protagonista, do eu testemuña ou dos modos dramático e cinematográfico.

o Técnica do ollo cinematográfico (o narrador é como o obxectivo dunha cámara de cinema).

C. Autores e obras

Aínda que con estéticas moi diferentes, podemos encadrar as seguintes obras dentro da Nova Narrativa:

Gonzalo R. Mourullo: *Nasce un árbore* (1954) e *Memorias de Tains* (1956), obra clave deste movemento, onde baixo a forma de cartas amosáenos un mundo arrepiante, cuns personaxes movidos por un destino tráxico pechados nun clima de anguria.

X.L.Méndez Ferrín: *Percival e outras historias* (1958), *O crepúsculo e as formigas* (1961) e *Arrabaldo do norte* (1964).

Carlos Casares: *Vento ferido* (1967) e *Cambio en tres* (1969).

M.Xosé Queizán: *A orella no buraco* (1965); **Camilo Gonsar**: *Lonxe de nós e dentro* (1961); **Xohán Casal**: *O camiño de abaixo* (1970, póstuma); **Xohana Torres**: *Adiós, María* (1970).

